

Enredando co galego 2025

Inventario caótico

Inés Sofía Hurtado Rendón. 3.º ESO. IES Ánxel Fole

Gústame comer un xeadó no verán cando estou morrendo de calor, o aire acondicionado, os chistes malos, as casas con balcóns, os agasallos de Nadal, o cheiro do pan acabado de saír do forno, facer algo perfecto, atopar diñeiro que non lembraba no peto do pantalón, o eco, a comida chinesa, espertar un sábado e lembrar que non hai clase, chegar á casa e ver a miña nai facendo a miña comida favorita, o café morno, as piscinas e sentir que teño uns minutos extras cando acordo antes de que soe o despertador.

Non me gusta o sabor da auga da billa, a suor logo da clase de Educación Física, agardar moito tempo na parada do bus, o insomnio, aburrirme, o móbil sen batería, os libros de moitísimas páxinas, o segundo no que cambia a luz do semáforo, cortarme o dedo cun papel, a bolsa do súper que rompe a medio camiño da casa, o marisco, a xente con moitos músculos, os que non dan as grazas e mollarme os pantalóns cando chove.